



## ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE

### BENESTAR SOCIAL, MULLER E SAÚDE

**NOME DO CONSELLO SECTORIAL:** BENESTAR SOCIAL, MULLER E SAÚDE

**Nº de acta:** 1/2017

**Lugar da reunión:** Salón de Plenos municipal

**Data:** 8/05/2017

**Hora:** 20:30h.

---

**Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:**

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) Isabel Reimúndez Suárez, concelleira de Benestar Social e Igualdade,
- 3) Xosé Fernando Fariña, secretario da Alcaldía do Concello de Sada,
- 4) Eulogio López Río, en representación da asociación Aspace,
- 5) Manuela Martínez Souto, en representación da asociación sociocultural Meigas de Sada,
- 6) Carmen García Fernández, en representación da asociación Elas, pro-igualdade de dereitos da muller,
- 7) M<sup>a</sup> Cruz Fernández González, en representación da asociación Elas, pro-igualdade de dereitos da muller,
- 8) Antonio Dorado, en representación da asociación Peneira,
- 9) Magalí López Gil, en representación da asociación Peneira,
- 10) Patricia Gallego Rodiño, en representación de Delegación Cruz Roja Sada,
- 11) Raquel Veira Mosquera, a título individual,
- 12) Sabela Gómez Villar, a título individual,
- 13) Dolores Fernández Sánchez, a título individual,
- 14) Beatriz Roquer Seijo, a título individual,
- 15) Ana M<sup>a</sup> Fernández Villaverde, a título individual,
- 16) Soraya Caravaca Andreu, a título individual,
- 17) Marta García Ramos, a título individual,
- 18) Rexina Basadre Orozco, a título individual
- 19) Francisco Rodríguez Caramazana, a título individual
- 20) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretaria**:

Silvia Varela Núñez, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.



Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA**:

**1ª parte:** de constitución do Consello Sectorial.

1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.
2. Definición do contido a tratar polo Consello Sectorial de Benestar Social e Muller.

Se procede a constitución:

3. Presentación de representantes da Administración municipal, de representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e de representantes das asociacións que desexan integrarse.
4. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.
5. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:
  - 5.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.
  - 5.2. Establecemento da periodicidade das reunións.
  - 5.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.
6. Outros.

**2ª parte:** da seguinte reunión.

7. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.
8. Varios.
9. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión.
10. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

---

**Da 1ª parte da reunión:**

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma, por parte do equipo técnico, e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais. Abórdase máis concretamente o tratado no 3º encontro participativo: funcionamento dos Consellos Sectoriais.



- Abórdase a denominación deste Consello, así como o contido a tratar polo mesmo. Plantéxase a dúbida de se este Consello debe acoller as temáticas de benestar social, muller e saúde; ou pola contra se saúde debe ser tema a tratar nun Consello independente. Consúltase ás persoas presentes se no caso de existir dous Consellos diferentes formarían parte de un deles ou dos dous, resultando unha ampla maioría de respostas de incorporación nos dous Consellos. Así, propónse finalmente a creación dun único Consello, con grupos de traballo/comisións internas por cada unha das temáticas (benestar social, muller e saúde).
- Acórdase incluír o termo “saúde” no nome deste Consello, o cal non estaba previsto na proposta inicial. O nome definitivo é: Consello Sectorial de Benestar Social, Muller e Saúde.
- Acórdase a realización de dúas reunións ordinarias ao ano. Acórdase tamén a realización de unha reunión preparatoria, a manter entre as persoas a título individual e as asociacións integradas neste órgano, previa a cada reunión do Consello.
- Acórdase o emprego do espazo web municipal e taboleiros físicos para dar publicidade á información relacionado con este Consello, suxerindo algunha das persoas presentes que no espazo web se dea conta deste subdivisión do Consello.
- Acórdase empregar o correo electrónico como canle de comunicación entre as persoas/asociacións que forman parte deste Consello. Cada grupo de traballo/comisión poderá empregar outras canles de comunicación como por exemplo un grupo mediante a aplicación de mensaxería WhatsApp.
- Queda constituído o Consello Sectorial da Benestar Social, Muller e Saúde de Sada, composto polas persoas anteriormente sinaladas e polas entidades ás cales representan. Este Consello queda aberto á incorporación de novas persoas ou entidades.

#### **Da 2ª parte:**

Plantéxanse as seguintes cuestións e temas a tratar na seguinte reunión:

- Abordar a accesibilidade e mobilidade no espazo público de Sada: mellorar as beirarrúas, mellorar o control dos permisos para uso de aparcamentos reservados para persoas con mobilidade reducida, e existencia de taxis adaptados.
- Deseño de medidas e estratexias encamiñadas a facer fronte ao sedentarismo.
- Realización dunha diagnose que permita coñecer máis de preto cales son as necesidades reais e percibidas, sobre saúde, muller e benestar social.
- Coñecer cal é o estado de benestar psicosocial das persoas que residen nas parroquias de Sada de tipo rural, en canto a actividades de dinamización, envellecemento activo e outras.
- Coñecer os proxectos do Concello vinculados coas temáticas deste Consello.
- Hábitos de alimentación saudable.



**Data, hora e lugar da próxima reunión:** Martes, 20/06/2017, ás 20:30h. no Salón de Plenos municipal.

**Remata esta reunión sendo as 22:30h.** Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.



**ANEXO Á ACTA DE CONSTITUCIÓN:**

Tamara Rubiños Varela, en representación Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do desenvolvemento do proceso de creación dos Consellos Sectoriais de Sada,

**EXPÓN:**

- Que con data 11 de maio de 2017, Verónica Balado Martínez MANIFESTOU o seu interese en integrarse no Consello Sectorial de Benestar Social, Muller e Saúde, enviando mediante correo electrónico o documento de integración debidamente cuberto e asinado.

En Sada, a 29 de maio de 2017.